

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará co Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e o Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela para conseguir que o idioma galego sexa cada vez máis habitual nas actuacións do colectivo da avogacía galega ante a Administración de xustiza, para o que colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a implantar a normalización lingüística no funcionamento do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela e no colectivo de profesionais afiliados e afiliadas e, facilitarlles o asesoramento e a información que precisen en materia xurídico-lingüística.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.





As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, establecer programas de formación nos que se incorpore a capacitación lingüística, e o réxime xurídico do uso das linguas, así como facilitar os medios e a formación técnica e terminolóxica en lingua galega dos xestores administrativos, procuradores e avogados.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade o Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela que ten por finalidade por unha parte, a promoción lingüística da lingua galega dentro do seu ámbito de actuación e, por outra, facilitar ao sector da avogacía o asesoramento e a información que precisen en materia xurídico lingüística.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

